

[DAKIDARRÍA]

COLAXE TOUR 2022



NECESIDADES E HOSPITALIDADE

[DKR]

EL GARAJE
PRODUCCIONES

INCENDIARIA

/// ESCENARIO, ESPECIFICACIÓNS E DATOS DE IMPORTANCIA

- 1) O **escenario** debe dispoñer dunhas **medidas útiles mínimas de 12 x 8 m**. Deben instalarse plataformas anexas e soportes ou estruturas para voar ou colgar o equipo de son.
- 2) Débese prestar especial atención á documentación técnica enviada: **RIDER TÉCNICO DE SON** e **RIDER DE ILUMINACIÓN**
- 3) **TARIMAS**: Necesítanse 9 tarimas de 2x1 metros para a montaxe de 3 plataformas de 3x2m. Observar **plano de escenario** para a súa correcta colocación e montaxe (*atención especial nas alturas*)
- 4) **BACKDROPS**: Neste espectáculo, a banda utiliza unha **pancarta de 6x5m** permanente durante o espectáculo máis outra pancarta de 4x3m que se empregará en determinados momentos. Deberá existir un truss ou algún soporte específico para colgalas, tendo en conta o seu peso e dimensións. Ademais, debe existir un telón negro que cubra a parte de traballo traseira do escenario.
- 5) **PERSOAL TÉCNICO**: A empresa de son e iluminación responsable dos equipos debe contar coa asistencia dun mínimo de 1 técnico de P.A., 1 técnico de monitores, 1 técnico de escenario, técnico de luces así coma persoal de carga/descarga facilitado pola organización (mínimo 3 persoas) que deberá estar **presente e operativo na descarga, montaxe, desmontaxe e carga dos equipos da banda**.
- 6) **HORARIOS**: Dende a chegada do backline da banda serán necesarios 120' para a descarga/montaxe do mesmo, 60' para a proba de son e 30' para o cambio/check previo á actuación. **IMPRESINDIBLE**
- 7) Tanto a lista de canles coma a orde de auxiliares, é dicir, toda a configuración do PATCH, ten que ser respectado. Analizar con detalle os riders de SON e ILUMINACIÓN e contactar coa oficina no caso de calquer dúbida.

- 8) **EXTINTORES DE ESCENARIO:** Dende a chegada ás probas, débese informar ó staff técnico da banda **onde se atopan os extintores de escenario pertinentes**. O técnico de FX é o encargado da pirotecnia durante o show, así que os extintores deberán estar ó seu alcance en todo momento, incluso durante as probas.
- 9) **Requírese unha correcta orde e limpeza de escenario.**

/// FOH

- 1) A potencia do equipo debe estar axeitada ó aforo e superficie a cubrir, equilibrado, axustado, sempre voado e en perfecto funcionamento.
- 2) Requírese unha mesa dixital de calidade (Yamaha CL5, Digidesign, VENUE, Midas PRO2...) Modelos inferiores ou marcas de gama baixa poden non ser aceptadas.
- 3) Levaremos unha escena de sesión nun dispositivo USB de acordo co listado de canles indicado no rider o que se cargará na mesa ó comezo da proba ou line-check. Poderíase enviar antes do evento se é solicitada ca suficiente antelación.
- 4) **As probas de son comezarán unha vez o equipo esté totalmente instalado, a punto e con todas as liñas chequeadas.** Se hai algo que non se asemellase a este rider técnico podería ser motivo de suspensión do concerto, así que rogamos que se comunique calquer problema ou dúbida coa antelación pertinente.

/// MONITORES

- 1) Con **mesa de monitores adicada** de uso profesional no escenario. **NON** é posible a utilización exclusiva de control remoto dende tablets.
- 2) Son necesarios **5 sistemas IEM**, **1 Drum fill** (Top + Sub), **2 Side Fill** (L e R que cubra as necesidades do escenario) e 3 cuñas Martin LE1500 na disposición que indica o rider técnico de son adxunto.
- 3) Tanto a lista de canles como a orde de auxiliares, é dicir, toda a orde do **PATCH**, ten que ser **respectado**.

/// EFECTOS FX

- 1) **Zona de control:** Necesítase espacio no lateral contrario ó control de monitores do escenario para o control de efectos.
- 2) 1 toma 220v AC + Gnd totalmente limpa e libre para non causar interferencias nos equipos de FX.
- 3) 2 extintores no escenario na zona de control.
- 4) **Precaución máxima e atención ás indicacións do técnico de FX.**
- 5) A documentación e homologación da maquinaria de fx pódese solicitar contactando coa oficina de contratación.

/// HOSPITALIDADE

1) “CAMERINO” (preferiblemente de uso exclusivo) dende a chegada ás probas de son, con capacidade mínima para **14 personas** con baño, duchas e aire acondicionado e pechadura, a cal as claves se entregarán ó road manager dende a chegada.

O “camerino” incluirá un catering de hospitalidade no que se agradecerá que conste:

- Auga mineral sen gas en abundancia, suficiente para as probas e o concerto.
 - Auga mineral con gas (6 botellas pequenas)
 - Refrixerios como Tónica (mínimo 24 latas), CocaCola, CocaCola Zero, Kas, zumes, Aquarius e Redbull.
 - Froita fresca (plátanos, amorodos, peras, mazás) e frutos secos.
 - Bocadillos quentes e fríos variados (**opción vexetariana**).
 - Pizza variada (**opción vexetariana**).
 - Produtos doces (chocolate, bollería).
 - 3 x viño tinto.
 - 3 x caixas de cervexas.
 - 1 x Thunder Bitch.
 - 2 x xenebra Nordés ou Seagram´s.
 - 1 x botella Licor Café ou algún licor típico da zona.
 - **Servilletas, abridores, garfos...** toda a menaxe debe ser de “usar e tirar” ((preferiblemente **non** plástico))
 - Xeo, cubiteira, pinzas, limón e vasos anchos.
 - 10 toallas
 - 1 espello de corpo enteiro
 - 6 x Tomas de corrente 220v Ac + Gnd libres para uso da banda.
 - Nevera
 - 1 cubo de basura
-
- ***Para comidas e ceas contactar previamente con oficina de management.***

- 2) STAFF E LOXÍSTICA:** A crew, ademáis dos 9 músicos, está composta como mínimo por un road manager, un conductor, un técnico de FOH,técnico de iluminación e un backliner (consultar listado de staff adxunto).
Utilízase unha furgoneta de 9 persoas + gran carga e dous coches para os desplazamentos, Por favor, **teñan en conta as necesidades e accesos para o aparcamento.**
- 3) ALOXAMENTO:** Contactar con oficina para concretar ubicación e room list.

Este rider de produción deberá ser lido e respectado por completo, así como o cumprimento dos documentos adxuntos RIDER DE SON e RIDER DE ILUMINACIÓN. No caso de existir modificacións ou cambios, terá que comunicarse o antes posible, ademais de enviar coa máxima antelación o contrarider e todos os equipos que se utilizarán no evento así como o cumprimento do rider de hospitalidade.

A/O responsable/organización do evento acepta o cumprimento na súa totalidade deste rider:

_____ Asinado:
Data:

(ASINAR EN TODAS AS PÁXINAS DESTE DOCUMENTO)